

CPI DE XANCEDA

PROGRAMACIÓN EDUCACIÓN INFANTIL

CURSO 2020/2021

ÍNDICE

1. Contextualización.....	3
2. Xustificación teórica.....	3
3. Contribución das distintas áreas á consecución das competencias.....	4
4. Obxectivos xerais de etapa.....	5
5. Obxectivos por áreas.....	5
6. Contidos.....	7
7. Unidades didácticas/ Temporalización.....	13
8. O período de adaptación.....	14
8.1. Obxectivo xeral.....	14
8.2. Temporalización.....	14
8.3. Espazos.....	14
8.4. Actividades.....	15
8.5. Cando e cómo avaliar o período de adaptación.....	15
9. Relación familia-escola.....	18
10. Atención educativa.....	18
10.1. Obxectivos.....	19
10.2. Contidos.....	19
10.3. Unidades didácticas.....	20
11. Criterios de avaliación e cualificación relacionados coas competencias básicas.....	20
12. Metodoloxía.....	22
13. Materiais e recursos didácticos.....	23
14. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	23
15. Medidas de atención á diversidade.....	24
16. Actividades complementarias e extraescolares.....	25
17. Proxecto Lector.....	25
18. Integración das TICs.....	27
19. Plan de convivencia.....	27
20. Criterios para avaliar a propia programación.....	27

1. CONTEXTUALIZACIÓN

O C.P.I. de Xanceda está situado no concello de Mesía (A Coruña), na comarca de Ordes. Escolariza nenas e nenos de once parroquias de Mesía (agás Bruma) e de Abellá (parroquia do concello de Frades).

A actividade económica da zona céntrase no sector agropecuario e en servizos, aínda que hai tamén algunha pequena industria.

A poboación é galego-falante, polo que será o galego a lingua vehicular.

O 2º ciclo de Educación Infantil escolariza neste curso a 34 nenos e nenas, repartidos en dous grupos-clase, unha aula de 4º e 5º nivel e outra aula de 5º e 6º nivel de E.I.:

- 4º nivel: 11 alumnos/as (4 nenas e 7 nenos).
- 5º nivel: 10 alumnos/as (4 nenas e 6 nenos), repartidos nas dúas aulas.
- 6º nivel: 13 alumnos/as (6 nenas e 7 nenos).

2. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA

Para a elaboración desta programación tivemos en conta a lexislación vixente neste momento, é dicir:

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro. Regulamento orgánico das escolas de E.I.
- Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os CPI.
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Real Decreto 1630/2006, de 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas da E.I.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da E.I. na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde 25 de xuño de 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da E.I. en Galicia.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade

educativa.

- Orde 229/2011, de 7 de decembro, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 25 de xuño de 2020, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/2021 nos centros docentes sostidos con fondos públicos.

3. CONTRIBUCIÓN DAS DISTINTAS ÁREAS Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS

Esta programación está destinada aos nenos/as de 3-6 anos. Nestas idades os cativos amosan unhas determinadas características evolutivas propias que é preciso coñecer. A nivel xeral, e seguindo a Piaget, atópanse na etapa preoperatoria na que poderemos dicir que accederán a unha autonomía motora, dominarán as regras básicas da comunicación verbal, afianzarán a súa intelixencia psicomotora, internaranse no ámbito simbólico, adquirirán hábitos de interacción cos iguais e descubrirán a súa propia identidade.

O pensamento característico deste momento está determinado pola actividade simbólica, o egocentrismo, sincretismo, estaticidade, irreversibilidade e animismo.

Partindo destas características, trataremos que os nenos e nenas constrúan aprendizaxes significativas, cunha metodoloxía lúdica e activa, tendo en conta que cada alumno/a ten o seu ritmo individual de aprendizaxe, polo que plantexamos a importancia dunha aprendizaxe socializada á vez que individualizada potenciando ao máximo o desenvolvemento das oito competencias básicas recollidas no Decreto 330/09, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia:

- Competencia en comunicación lingüística
- Competencia matemática
- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico
- Tratamento da información e competencia dixital
- Competencia social e cidadá
- Competencia cultural e artística
- Competencia para aprender a aprender

- Autonomía e iniciativa persoal.

Dende unha perspectiva globalizada, pretendemos que o alumnado, a través do traballo nas tres áreas de coñecemento nas que se estrutura o currículo de Educación Infantil, acade un desenvolvemento axeitado de todas as competencias.

4. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA

- 1.- Coñecer o propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- 2.- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- 3.- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais. 4.- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- 5.- Relacionarse cos demais e adquirir pautas elementais de convivencia.
- 6.- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- 7.- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectoescritura como medio de comunicación, información e gozo.
- 8.- Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos expresivos e comunicativos.
- 9.- Achegarse ao uso das TIC.

5. OBXECTIVOS POR ÁREAS

Área 1: Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

- Formarse unha autoimaxe axustada e positiva.
- Coñecer e representar o propio corpo, as súas partes e funcións, descubriendo as posibilidades e limitacións a través da interacción cos demais.
- Identificar e expresar os sentimentos e emocións propios, respectando os dos demais.
- Tomar a iniciativa na propia acción, aceptando as pequenas frustracións con afán de superación e sendo quen de pedir axuda.
- Adecuar o propio comportamento, desenvolvendo actitudes de respecto e colaboración.
- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade e a saúde (hixiene, alimentación ...)

- Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación das tarefas.
- Amosar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais.
- Descubrir o xogo como medio de aprendizaxe e socialización.

Área 2: Coñecemento do contorno

- Observar e explorar de forma activa o contorno.
- Observar os seus cambios e modificacións e relacionalos cos factores que os producen.
- Iniciarse na formulación de hipóteses, buscando respostas.
- Relacionarse coas outras persoas de xeito equilibrado e satisfactorio, interiorizando as pautas de comportamento social.
- Coñecer distintos grupos sociais próximos.
- Establecer relacións baseadas no respecto ás persoas, normas e valores da sociedade a que pertencen.
- Valorar a nosa tradición e cultura galega, facendo seus algúns elementos significativos.
- Iniciarse nas habilidades matemáticas (seriación, clasificación, cuantificación, etc.).
- Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica (identificar, relacionar, explorar, comparar, medir ...)

Área 3: Linguaxes: comunicación e representación

- Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación.
- Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais como elementos xenuinos da comunicación humana.
- Comprender que os símbolos e signos poden representar os pensamentos, ideas e intencións das persoas.
- Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos e diferentes interlocutores.

- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira.
- Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos.
- Comprender e recrear textos (tendo en conta as diferenzas individuais no proceso de adquisición da escrita).
- Fomentar o uso da biblioteca cunha perspectiva lúdica.
- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas.
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en diferentes linguaxes, adquirindo sensibilidade estética.
- Valorar e respectar as distintas manifestacións artísticas propias e alleas.
- Achegarse ao coñecemento, valoración e emprego das TIC.

6. CONTIDOS

O Decreto 330/09 de Educación Infantil recolle os contidos de cada área agrupados por bloques, que non debemos considerar como unidades independentes, polo que partiremos sempre dun enfoque global e significativo.

Área: coñecemento de si mesmo e autonomía persoal:

Bloque 1: O corpo e a propia imaxe.

- Características fundamentais do seu propio corpo.
- Autonomía na satisfacción das necesidades básicas.
- Semellanzas e diferenzas entre o seu corpo e o dos demais.
- Actitude de respecto polas diferenzas entre as persoas.
- Características físicas de persoas de diferentes etnias e culturas.
- Os sentidos: sensacións e percepcións.
- Utilización dos sentidos para descubrir calidades dos obxectos.
- Manifestación de sentimentos e emocións.
- Recoñecemento e aceptación da súa propia imaxe, identidade, posibilidades e

limitacións.

- Confianza nas súas propias posibilidades de acción.

Bloque 2: Xogo e movemento.

- Movementos e posturas do corpo.
- Referencias espaciais en relación co corpo.
- Nocións básicas de orientación e coordinación de movementos.
- Adquisición de habilidades motrices novas.
- Progresivo control do ton, do equilibrio e da respiración.
- Gusto polo xogo.
- Comprensión e aceptación das regras para xogar.

Bloque 3: A actividade cotiá.

- Emocións: enfado, rabia, afecto, medo, celos, alegría, tristeza, cooperación, amizade...
- Desenvolvemento de actitudes como a atención, a observación, a memoria...
- Resolución pacífica de conflitos mediante o diálogo.
- Actividades cotiás: de xogo, de obriga, rutinas...
- Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.
- A diversidade e a tolerancia.
- Iniciación na percepción temporal das rutinas cotiás, calendario.
- Actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e cos iguais.
- Gusto polo traballo ben feito.

Bloque 4: O coidado persoal e a saúde.

- Identificación e control progresivo das súas necesidades básicas.
- Hábitos e rutinas relacionados coa alimentación, coa hixiene e o descanso.
- Alimentos saudables.
- Coidado do corpo e seguridade persoal.
- Adquisición de hábitos relacionados coa seguridade persoal.
- A caixa dos primeiros auxilios.
- deporte.
- Limpeza e orde do medio.

Área: Coñecemento do contorno:

Bloque 1: Medio físico: elementos, relacións e medida.

- Cardinais: 0-6, direccionalidade e representación gráfica.
- Asociación dos cardinais 0-6 coas cantidades correspondentes e coa súa grafía.
- Uso dos cardinais para contar obxectos.
- Agrupación e comparación de obxectos segundo o seu tamaño, forma e medida.
- Formas planas: círculo, cadrado e triángulo.
- Cuantificadores básicos: máis ca, menos ca, moitos, poucos, un, cheo, baleiro...
- Nocións básicas de orientación espacial: dentro, fóra, arriba, abaixo, diante, detrás, un lado, outro lado, aberto, pechado...
- Noción básicas de orientación temporal: día, noite, onte, hoxe, mañá...
- Relacións entre obxectos e coleccións: correspondencias e series.
- Iniciación na resolución de problemas matemáticos sinxelos.
- Exploración de obxectos establecendo relacións entre eles.

Bloque 2: Achegamento á natureza.

- Fenómenos atmosféricos propios das diferentes estacións.
- Observación dos cambios naturais que se producen no medio co paso do tempo e

identificación dalgúns fenómenos atmosféricos.

- Identificación de seres vivos e materia inerte. Valoración da súa importancia para a vida.
- Características morfolóxicas e funcionais dos animais.
- Alimentos de orixe animal e vexetal.
- Paisaxes naturais: mar e campo.
- Coidado da auga como ben escaso.
- Coidado do medio ambiente e reciclaxe.
- Respecto e coidado do medio.
- Algúns inventos.

Bloque 3: Cultura e vida en sociedade.

- Pezas de vestir características das diferentes estacións.
- A familia: membros e funcións.
- A casa e a escola: espazos, características e obxectos presentes.
- Normas elementais de relación e convivencia.
- Identificación de profesións próximas ao neno e á nena.
- A rúa: elementos.
- Algunhas normas elementais de seguridade viaria.
- Algúns medios de transporte: coche, autobús, bicicleta, avión, tren, barco...
- Identificación de diversos medios de transporte e a súa relación co medio polo que se desprazan.
- Algúns medios de comunicación e información.
- Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento.
- Desenvolvemento de actitudes de boa cidadanía.

- Descubrimiento dalgúns servizos que achega a vida en sociedade.
- Coñecemento dalgúns lugares de lecer e consumo.
- Interese por celebracións e festas do ano: aniversario, Samaín, Magosto, Nadal, Entroido...
- Participación activa en celebracións e festas propias da súa localidade.
- Achegamento a manifestacións culturais doutros países.

Área: Linguaxes: comunicación e representación:

Bloque 1: Linguaxe verbal.

- Linguaxe oral e necesidades de comunicación.
- Vocabulario adaptado a cada unidade.
- Articulación e pronuncia, de forma progresivamente correcta, das palabras do vocabulario.
- Observación, interpretación e descrición de imaxes gráficas.
- Normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Participación en diálogos e en diferentes situacións comunicativas nas que interveñan varias persoas.

Aproximación á lingua escrita.

- Instrumentos da lingua escrita: ilustracións, carteis, imaxes, fotografías, etiquetas, xornais...
- Iniciación á lingua escrita a través da observación de textos escritos no medio.
- Trazo horizontal, vertical, curvo, oblicuo, ondulado, circular...
- O nome propio.
- Esfuerzo na produción de palabras e textos sinxelos.

Achegamento á literatura.

- Textos de tradición cultural: rimas, poemas, adiviñas...

- Atención, comprensión e interpretación de contos e outros textos lidos por adultos.
- Actitude de atención e escoita nas narracións de contos.
- Iniciación no recitado de poesías, descubrindo o ritmo, a rima e a mensaxe que transmiten.
- Valoración da biblioteca como recurso informativo de entretemento e gozo.
- Utilización da biblioteca con respecto e coidado.
- Participación creativa en xogos lingüísticos para divertirse e para aprender.

Bloque 2: Linguaxe artística: plástica-musical-corporal.

- Técnicas, materiais e instrumentos útiles e necesarios para a expresión plástica: estampado, picado, colereo, punteo, collage...
- Emprego adecuado dos utensilios e materiais útiles para a expresión plástica.
- Experimentación coas diferentes técnicas da expresión plástica.
- Ruído, silencio, música.
- Recoñecemento de sons e ruídos da vida cotiá.
- Cancións infantís.
- Instrumentos musicais.
- Propiedades do son: intensidade, altura, duración e timbre.
- Identificación de sons do propio corpo, dalgúns animais e do medio próximo.
- Equilibrio.
- Control do corpo: movemento e relaxación.
- Dramatización de textos literarios.
- Expresión de diferentes sentimentos e emocións.
- Progresiva coordinación de movementos nos desprazamentos.
- Gusto pola imitación e representación de persoas e animais.

Bloque 3: Linguaxe audiovisual.

- Achegamento a diferentes producións audiovisuais (películas, debuxos, videoxogos...)
- Uso moderado das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Algúns obxectos e recursos tecnolóxicos: ordenador, reprodutor musical, televisión, DVD, cámara fotográfica, PDI...

En cada unha das unidades didácticas reseñamos algúns dos contidos a traballar según o centro de interés que nos ocupe, procurando manter un equilibrio entre todos.

7. UNIDADES DIDÁCTICAS/TEMPORALIZACIÓN

Atendendo ao principio de globalización, partimos de distintos centros de interese para o alumnado e organizamos a programación en unidades didácticas, agrupadas en tres proxectos: o outono (1º trimestre), o inverno (2º trimestre) e a primavera (3º trimestre).

1º TRIMESTRE: O outono.

“A maxia da escola”. Centros de interese: O colexio e o outono.

“Pinocho é un neno”. Centros de interese: O corpo e as emocións.

“A miña casa no Nadal”. Centros de interese: Casa, familia e Nadal.

2º TRIMESTRE: O inverno.

“Un paseo pola rúa”. Centros de interese: A rúa e o inverno.

“De maior quero ser...”. Centro de interese: As profesións.

“A eiruga lambona”. Centro de interese: Os alimentos.

3º TRIMESTRE: Primavera.

“Había unha vez...”. Centros de interese: Os medios de comunicación e os contos.

“A granxa dos avós”. Centro de interese: Os animais.

“Unha viaxe marabillosa”. Centro de interese: Medios de transporte e verán.

En todas estas unidades didácticas traballaremos as tres áreas ou ámbitos de experiencia que conforman o currículo desta etapa. Os contidos transversais serán tratados buscándolles relación cos distintos centros de interese, incidindo especialmente na boa convivencia e o

respecto mutuo.

Dado o enfoque globalizador co que traballamos, os obxectivos e contidos (conceptuais, procedimentais e actitudinais) das tres áreas van ser tratados dende esta perspectiva, tendo como obxectivo final o desenvolvemento da personalidade harmónica do alumnado a través das competencias básicas.

8. O PERÍODO DE ADAPTACIÓN

(Proposta didáctica para o período de adaptación)

A chegada dos nenos /as por primeira vez á escola supón un importante cambio na súa vida. Implica a saída do mundo familiar, dun espacio seguro, protexido e coñecido para pasar a outro máis amplo, novo e descoñecido, no que vai ser mirado dende outro punto de vista. Deste período de adaptación dependerá a súa actitude futura cara a escola e cara a aprendizaxe. Por iso crearemos un ambiente motivador coa decoración e distribución de recunchos, tendo en conta o protocolo do coronavirus para dita organización e que sexa tamén afectivo e cálido buscando a forma máis axeitada para esta nova normalidade.

No proceso de adaptación están implicados: os nenos/as, as familias, os educadores/as, a comunidade educativa...

Dentro deste período os nenos/as van afrontar distintos ámbitos de relación: outros nenos/as, outros adultos, un novo espacio, unha nova organización do tempo, novas medidas hixiénicas e de comportamento...

8.1. OBXECTIVO XERAL

Adaptarse ao novo medio “A escola “, familiarizarse con ela e co que contén mostrando sentimentos de confianza e seguridade, así como de respecto cara os compañeiros /as, educadores, materiais e instalacións.

8.2. TEMPORALIZACIÓN

A incorporación á escola debe ser un proceso progresivo, de maneira que os elementos novos se introduzan paulatinamente. En todo caso, respectarase o disposto na Orde do 25 de xuño de 2020, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21.

8.3. ESPAZOS

A clase estará distribuída en diferentes zonas de traballo e por recunchos, dándolle máis importancia a aqueles nos que se poidan desenvolver actividades de tipo simbólico, pero non se poderán mezclar nenos e nenas dun grupo con outro.

8.4. ACTIVIDADES

Deben ser en sí mesmas favorecedoras do proceso, centradas especialmente no aspecto de relación, polo que serán habituais xogos que lles permitan coñecerse e identificarse a sí mesmo como integrante dun grupo, adquirir hábitos de hixiene, relación, autonomía e aceptación das regras, socializarse, actividades lúdicas para introducir as rutinas, actividades con música, actividades ao aire libre, actividades para coñecer as dependencias e as persoas que forman a escola.

Os agrupamentos serán flexibles, procurando respectar os intereses de cada neno/a, pero sempre tendo en conta as normas do protocolo a seguir debido á situación sanitaria.

8.5. CÁNDO E COMO AVALIAR O PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Normalmente ocupará os primeiros 15 días, pero debido a situación especial, provocada pola pandemia, que estamos a padecer durante este curso académico, levarase a cabo durante o mes de setembro e haberá momentos especialmente significativos:

- a chegada do neno/a á escola por primeira vez
- momento de separarse dos pais/nais
- a hora da saída
- reencontro cos pais/nais
- os luns despois da ruptura do ritmo escolar

Rematado este período reflexionaremos sobre os resultados globais da nosa actuación e tomaremos as medidas oportunas para unha maior individualización.

A avaliación será formativa e sistemática, incluíndo un carácter de diagnóstico pero tamén de continuidade.

Como técnica para a obtención de datos utilizaremos a observación directa e sistemática xa que ten moitas vantaxes:

- Realízase nunha situación espontánea.
- Cubre todos os ámbitos da personalidade.
- Serve para todo tipo de contidos (conceptuais, procedimentais e actitudinais).

A observación debe realizarse en distintas situacións: xogos libres, xogos dirixidos, situacións grupais, situacións individuais, en distintos momentos do día, en diferentes espazos...

É fundamental para o alumnado que asiste por primeira vez sentirse acollido na escola, porque é o gran axente socializador fóra da unidade familiar. Por iso, seremos flexibles segundo as nosas observacións (rexistradas en fichas ou nun diario de aula), procurando manter ao mesmo tempo a organización necesaria para que o grupo - clase funcione axeitadamente.

Infórmase ás familias por escrito para que coñezan o horario do período de adaptación dos seus fillos. Este curso dividíronse os alumnos e alumnas en dous grupos, (exemplo):

<p>O PERÍODO DE ADAPTACIÓN</p> <ul style="list-style-type: none"> • É importante respectalo ao máximo (para facelo máis doado). • Debemos manter os horarios e as normas, procurando que asistan á escola con regularidade. • Incorporación gradual co seguinte horario: 	DÍA	HORARIO
	10 set.	10.00h-11.00h Grupo A 12.00h-13.00h Grupo B
	11 set.	10.00h-11.00h Grupo B 12.00h-13.00h Grupo A
	14 set.	9.45h-11:15h Grupo A 11.30-13.15h Grupo B
	15 set.	9.45h-11:15h Grupo B 11.30-13.15h Grupo A
	16 set.	9.45h-11:15h Grupo A 11.30-13.15h Grupo B
	17 set.	9.45h-11:15h Grupo B 11.30-13.15h Grupo A
	18 set.	9.45h-11:15h Grupo A 11.30-13.15h Grupo B
	21 set.	10.00h-13.00h Grupo A e B
	22 set.	10.00h-13.00h Grupo A e B
	23 set.	10.00h-13.00h Grupo A e B
	24 set.	10.00h-13.00h Grupo A e B
	25 set.	10.00h-13.00h Grupo A e B
	28 set.	09.30h-13.30h Grupo A e B
	29 set.	09.30h-13.30h Grupo A e B
	30 set.	09.30h-13.30h Grupo A e B

9. RELACIÓN FAMILIA-ESCOLA

A familia proxéctase inmediatamente nos aspectos afectivos e na singularidade de cada persoa. A familia constitúe o primeiro conxunto de estímulos educativos resultando os máis intensos e fondos, polo que as súas características determinaranse no desenvolvemento físico e psíquico dos nenos/as.

Estas relacións están condicionadas por factores como as expectativas dos pais ou as súas pautas educativas, as actitudes do profesorado e as canles de comunicación establecidas dende o colexio. É preciso establecer mecanismos de coordinación que garanten ou posibiliten a colaboración, tanto de xeito directo como indirecto. É fundamental que a participación dos pais se plantexe ademais como unha coordinación directa cos mestres, entendida interactivamente, sendo os pais colaboradores dos mestres para conquistar obxectivos educativos e mestres colaboradores dos pais na súa tarefa educadora.

Nestas idades é fundamental que escola e familia traballen conxuntamente, continuando a labor iniciada na escola no seo familiar para reforzar e apoiar a actuación pedagóxica.

Neste centro, as familias, xogarán un papel fundamental, colaborando no período de adaptación, nas entrevistas, nas titorías (un día de atención semanal), que durante este curso académico e mentras siga así esta situación sanitaria serán preferentemente telefónicas.

Este curso a participación das familias nas actividades complementarias, nas actividades deseñadas nas aulas, nas actividades extraescolares, nas saídas ou conmemoracións quedará á espera da evolución da pandemia.

Tamén poderán participar no comedor, a través da ANPA, do Consello Escolar, e cada vez que sexa necesario, xerando o obxectivo de fomentar a participación das familias na escola sempre e cando a situación sanitaria o permita.

10. ATENCIÓN EDUCATIVA

A educación en valores é de gran importancia na escola, do mesmo xeito que o é na nosa sociedade, polo que os valores deben ser contemplados nos obxectivos e presentes ao longo da xornada escolar de xeito transversal nas distintas áreas e en diferentes actuacións, momentos e rutinas.

Con estes elementos de gran valor educativo contribuímos á finalidade primordial de conseguir o desenvolvemento integral do noso alumnado, favorecendo valores relacionados coa liberdade persoal, a empatía, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a

solidariedade, a tolerancia, o respecto, a igualdade, a xustiza, a paz, así como os que axuden a superar calquer tipo de discriminación, o coidado do medio ambiente, a educación para a saúde, a educación sexual, a educación viaria, a educación para o consumo responsable, a educación para o ocio e o tempo libre...

É preciso que na escola se trate a educación en valores de forma sistemática por tres razóns: dende a óptica social, a sociedade reclama cada vez máis un papel activo da escola na implantación dunha nova orde de valores; dende a óptica pedagóxica, non existe outro modo de lograr a formación integral da persoa; e por último, dende unha óptica legal, recollida nas programacións didácticas.

10.1. OBXECTIVOS

- Mellorar a competencia social dos nosos nenos e nenas para que interectúen adecuadamente entre eles /as e coas persoas do seu contorno.
- Reducir condutas pasivas e agresivas e sustítuilas por condutas asertivas.
- Formar una imaxe axeitada e equilibrada de sí mesmo.
- Favorecer nos alumnos/as capacidades necesarias para desenvolverse como cidadáns con dereitos e deberes na sociedade na que viven.
- Fomentar que os alumnos/as cheguen a entender os problemas da sociedade actual e elaboren un xuízo crítico.
- Dotar aos alumnos/as dos coñecementos necesarios para entender a realidade e poder actuar sobre ela, educando en certas actitudes, persoalmente interiorizadas, coas que adoptar posicións positivas de participación activa e responsable respecto aos problemas sociais.

10.2. CONTIDOS

- Sorriso
- Saúdos e presentación
- As emocións e os sentimentos
- A saúde

- Medio ambiente
- As necesidades dos demais
- Dereitos e deberes
- Fórmulas de cortesía
- Habilidades sociais e empatía
- Medo

10.3. UNIDADES DIDÁCTICAS

- Eu son ...
- E ti que necesitas?
- Bos días! Por favor!
- Ás veces, decimos NON!
- Adiviña como me sinto hoxe
- Somos diferentes
- Un mundo mellor
- Un equipo marabilloso
- Aprendo a relaxarme
- Temos medos

11. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencia en comunicación lingüística.

- Comprender ordes e textos narrativos sinxelos.
- Saber escoitar e respectar as quendas de palabra.
- Acadar unha pronuncia axeitada.
- Expresar necesidades, ideas e sentimentos.

- Dominar un vocabulario axeitado a súa idade.

Competencia matemática

- Aproximación á serie numérica.
- Clasificar atendendo distintos criterios.
- Secuenciar temporalmente as actividades cotiás.
- Resolver problemas sinxelos.

Competencia para o coñecemento e interacción co medio físico.

- Coñecer o corpo e as súas necesidades.
- Descubrir e respectar o entorno.
- Coñecer e traballar co calendario.

Tratamiento da información e competencia dixital.

- Iniciarse no manexo das novas tecnoloxías: ordenador, PDI, cámara...
- Buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento.

Competencia social e cidadá.

- Consensuar, aceptar e cumprir as normas mínimas de convivencia social.
- Resolver conflitos mediante o diálogo.

Competencia cultural e artística.

- Representar gráficamente a realidade observada.
- Expresarse a través do sonido e do silencio.
- Disfrutar das actividades musicais.
- Participar en dramatizacións e actividades culturais.
- Achegarse ao patrimonio cultural de Galicia.
- Competencia para aprender a aprender.

- Coñecer e confiar nas propias posibilidades.
- Prestar atención para realizar correctamente as distintas tarefas.

Autonomía e iniciativa personal.

- Ter unha imaxe axeitada de si mesmo e dos compañeiros e compañeiras.
- Progresar na autonomía do coidado propio.

Competencia emocional.

- Coñecer, controlar e expresar sentimentos e emocións.
- Comprender que os demais tamén teñen sentimentos e emocións (empatía).
- Manifestar respecto cos iguais e cos adultos.

12. METODOLOXÍA

Tal como establece o currículo, procuraremos que a nosa actividade educativa:

- Se leve a cabo nun ambiente de aprendizaxe axeitado, tanto na organización espacial como temporal, con variedade de recursos e materiais, cumprindo coas normas do protocolo.
- Se desenvolva cun enfoque globalizador e próximo á realidade dos nenos e nenas, que parta dos seus intereses e teña en conta as súas propostas.
- Considere ao profesorado como mediador entre o alumnado e a cultura, respectando sempre a diversidade, favorecendo a creatividade, evitando valoracións negativas e comparacións entre os nenos e nenas, cun papel fundamentalmente motivador e estimulador.
- Teña en conta ao alumnado como parte activa do proceso educativo, para que acaden aprendizaxes significativas e funcionais, facilitando a autovaloración das súas producións, respectando sempre as dos outros.
- Contemple a flexibilidade de agrupamentos en función das distintas actividades, por motivo do Covid-19, esta parte da metodoloxía verase alterada, debido a que debemos formar grupos estables de convivencia.

- Entenda o papel da escola integrado no seu contorno, buscando unha boa relación coas familias e aproveitando ao máximo as posibilidades educativas da comunidade escolar e das saídas didácticas planificadas que este curso quedarán pendentes de se a pandemia as deixa realizar ou non.

13. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Serán variados e diversos, axeitados aos tipos de contidos, aos contextos e as características do alumnado.

- Usaremos material impreso, tanto editado como de elaboración propia, elementos do medio natural, material audiovisual, instrumentos musicais, materiais manipulativos, etc.
- Dispoñemos de ordenador e pizarra dixital na aula.
- O xogo.
- As dependencias do centro e o seu entorno serían tamén recursos fundamentais no proceso educativo pero este ano este recurso vese alterado polo coronavirus.
- As familias, tamén solicitaríamos a súa colaboración a través da axenda escolar cando o consideremos oportuno – magosto, nadal, entroido, teatro... pero este curso académico quedará supedita, de momento, á evolución da pandemia, pois este tipo de actividades non poden ser celebradas da mesma forma que en cursos anteriores.

Queremos deixar constancia nesta programación da enorme dificultade que temos para atopar material de lecto-escritura impreso na nosa lingua. Non conseguimos nada novo en ningunha editorial; o que hai está esgotado ou descatalogado. Pensamos que vai en detrimento do ensino público e vulnera os dereitos do noso alumnado galegofante.

14. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación nesta etapa concíbese como un proceso de reflexión activa acerca da realidade educativa diaria. O seu fin é informar e retroalimentar a programación da nosa actividade en catro ámbitos distintos:

- Procesos de interacción afectiva e de comunicación entre todas as persoas implicadas no proceso educativo (mestres, compañeiros, familia).

- Optimizar os recursos dispoñibles.
- Desenvolver as capacidades do alumnado guiándonos polos Obxectivos Xerais de etapa.
- Adecuar as programacións ás características individuais de cada neno e nena.
- Para facilitar dita adecuación, tomaremos como referencia a avaliación inicial, continua e formativa, que permita en todo momento recoller información significativa para reorientar o noso labor de cara á optimización de todo o proceso.
- A observación directa e sistemática constituirá a técnica principal do proceso de avaliación.
- Trimestralmente enviaremos ás familias un boletín informativo.
- Rexistraremos por escrito calquera situación significativa na evolución de cada neno e nena, poñéndonos en contacto coas familias sempre que se considere oportuno por calquera das partes.
- Os criterios de avaliación relacionados coas competencias básicas, especificanse para cada unidade didáctica, sen perder de vista os obxectivos xerais da etapa. Guiarémonos polos criterios de avaliación recollidos no Decreto 330/ 2009 para cada área.

15. MEDIDAS DE ATENCION Á DIVERSIDADE

O currículo desta etapa ten como obxectivo o desenvolvemento integral e harmónico da persoa nos distintos planos: físico, motor, emocional, afectivo, social e cognitivo.

Partindo dun enfoque globalizador, potenciaremos a participación activa de cada neno e nena na aprendizaxe propia, respectando a individualidade no ritmo madurativo e buscando o desenvolvemento máximo de cada un. Contamos coas seguintes medidas de atención á diversidade:

- En cada proxecto teremos actividades de reforzo e ampliación, segundo os ritmos e necesidades individuais.
- Contamos co Departamento de Orientación e a especialista PT do centro, que fará os apoios que valoremos oportunos, segundo as prioridades e a dispoñibilidade horaria.

- Teremos un día á semana unha especialista de AL (compartida cos centros de Pontecarreira e Trazo). **É claramente insuficiente para atender as nosas necesidades, sobre todo nesta primeira etapa educativa, na que a linguaxe se considera unha aprendizaxe crítica.**

16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O ciclo de Infantil poderá participar nas actividades e celebracións programadas e reflectidas na PXA: Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas, Semana de teatro... se a situación epidemiolóxica o permite e sendo conscientes de que a organización farase de maneira diferente.

A partir do 2º trimestre, os alumnos e alumnas de Educación Infantil participarán en distintos talleres sobre ciencia e emocións, si se poideran levar a cabo.

No resto das conmemoracións sinaladas no calendario escolar, a participación desta etapa seguirá as pautas marcadas para toda a Primaria.

Saídas didácticas: poderanse contemplar tres saídas didácticas (unha por trimestre), aínda sen determinar, debido á situación na que nos atopamos.

Tamén valoraremos algunha pequena saída para coñecer a contorna máis próxima, sempre que a nova normalidade o permita xa que nos atopamos nunha situación de pandemia na que temos que seguir unha serie de normas marcadas por protocolo.

En todo caso, si se puideran realizar, informaremos previamente ás familias e contaremos coa súa autorización por escrito.

17. PROXECTO LECTOR

Tal como marca a lexislación vixente, integrámonos no Plan Lector do Centro, adecuándonos ao noso nivel educativo.

Posto que nesta etapa o alumnado non domina a lectura, consideramos que o noso papel fundamental é a motivación cara a mesma.

A ferramenta máxica é o conto: a través do seu simbolismo, os nenos e nenas atopan un punto intermedio entre o real e o imaxinario.

“Hora do conto” (hora de ler): é un momento máxico que temos a diario na aula.
“Aprendemos cos contos”: consiste en sesións de traballo arredor dos contos, de xeito lúdico, pero utilizando ao máximo as súas posibilidades como recurso educativo.

Obxectivos:

- Favorecer a interrelación entre o alumnado.
- Estimular o interese pola a lectura (sobre todo dende as posibilidades lúdicas que ofrece) e o gusto polos libros.
- Utilizar o conto como recurso didáctico nas distintas dimensións que presenta: comprensión, expresión, memorización, dramatización, etc.

Actividades:

- Reunir os nenos/as nun único espazo (aula, biblioteca, patio) e “ler” un conto.
- Lectura colectiva do conto.
- Traballar a comprensión do conto e a expresión dende os distintos personaxes, dialogar sobre as ilustracións.
- Colorear a portada e copiar o título.
- Pedir que aporten historias imaxinadas por eles ou recoñecidas noutros contos similares a que estamos a tratar.
- Buscar outro final, cambiar personaxes, inventar outro título, mesturar contos... estimular a creatividade (técnicas Rodari),
- Elaborar unha pequena carpeta cos nosos traballos.
- Elaboración e exposición no corredor dunha portada xigante utilizando distintas técnicas plásticas.
- Cantigas, danzas e xogo dramático.

Criterios para a selección dos contos:

Partimos do ámbito emocional, esencial nesta etapa, procurando sempre que sexan contos

atractivos e motivadores para eles. Buscamos ademais a novidade e a potenciación do noso idioma así como a variedade de textos e ilustracións.

18. INTEGRACIÓN DAS TICs

Ademais de contarmos cun ordenador na aula, dispoñemos dunha pizarra dixital, incorporada ao traballo diario do alumnado.

O alumnado de Infantil participará tamén en distintas actividades audiovisuais para iniciarse na recreación de contos e noutras posibilidades das novas linguaxes.

19. PLAN DE CONVIVENCIA

A vixente lexislación educativa, tanto a LOE, como o Real Decreto 1630 do 29 de decembro do 2006, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo de educación infantil, como a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, reflicten a relevancia da promoción da convivencia, incluíndo nos centros un plan polo que se leven a cabo medidas para fomentar a mellora da calidade da educación e a mellora da convivencia no centro. A partir deste plan, na aula levaremos a cabo distintas actividades para contribuír ao seu desenvolvemento.

20. CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

Ao remate de cada unidade didáctica, valoraremos os seguintes aspectos:

- a consecución dos obxectivos
- a motivación do grupo ante as distintas actividades propostas
- a implicación e participación do alumnado
- a organización dos espazos e dos tempos
- a utilización e adecuación dos recursos e materiais dispoñibles
- aspectos susceptibles de mellora
- a coordinación co resto do profesorado
- a práctica docente
- a implicación das familias.

